

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE PARA O ANO 2020.

Dunha parte,

D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra, D. José Fernández Alborés, que actúa en nome e representación da Asociación Área Empresarial do Tambre con CIF G15037112, e con domicilio en Polígono do Tambre s/n, 15700 como se acredita na Certificación de personalidade xurídica da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "Xeral de Subvencións" e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela leva colaborando coa Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela apoiando o desenvolvemento e a mellora da actividade industrial a través de distintos programas de actividades dende a creación no ano 2004, da Oficina de Promoción Económica municipal existindo ademáis esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio

de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade destas liñas de axudas ao establecemento da actividade empresarial non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

A aportación propia precisa para a execución das actividades realízanse con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademáis unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia.

III.O Concello e a Asociación Área Empresarial do Tambre son asinantes do acordo de colaboración para a reindustrialización empresarial e a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento. No marco do mesmo, a Asociación ven desenvolvendo unha serie de accións de coordinación e xestión para acadar os obxectivos establecidos.

IV.Por outra banda, dentro da súa carta de servizos a Asociación Área Empresarial do Tambre ten contratado un servizo de vixilancia para as instalacións e naves que abrangue a zona de Tambre-Boisaca e a de Costa Vella - nos que se ubican diversas instalacións e propiedades municipais – que se coordina cos organismos municipais coma a Policía Local, servizo de Bombeiros, etc., para incidencias que se producen dentro do horario de funcionamento do mesmo.

V.A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no seu artigo 21 establece a posibilidade de que as administracións públicas competentes e as entidades de xestión de áreas empresariais suscriban convenios de colaboración “para conservar ou mellorar as infraestruturas, os equipamentos, as dotacións e os servizos dos que dispoñan aquelas”.

VI.Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.

VII.Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa Asociación Área Empresarial do Tambre obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de cincuenta mil euros- 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 070 43300 4890000.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que a Asociación Área Empresarial do Tambre é Asociación empresarial que se rexe polo seus estatutos e no seu defecto pola Lei 19/77 de 1 de abril que regula o dereito de Asociación Sindical, polo Decreto 873 de 22 de abril, e demais disposicións legais e reglamentarias que lle sexan de aplicación, tendo como fins os recollidos no artigo 6 dos seus estatutos, entre os que destacamos os seguintes:
1. *A asociación terá os fins seguintes:*
 - a. *Representar, orientar e defender as intereses comúns dos asociados, na súa condición de propietarios ou adxudicatarios das parcelas enclavadas no Polígono Industrial do Tambre, fronte a terceiros e a entidades e organismos particulares e oficiais de toda índole, así como os intereses propios da Asociación.*
 - b. *Orientar e desenvolver toda clase de iniciativas que poidan redundar en beneficio das Empresas do Polígono.*
 - c. *Informar e asesorar debidamente aos seus asociados en canto poida ter relación coa súa condición de propietarios ou adxudicatarios dos terreos do polígono.*
 2. *A Asociación non persigue fins lucrativos nen políticos, se non intereses xerais e comúns aos propietarios ou adxudicatarios de parcelas do Polígono Industrial do Tambre, e toda clas de ingresos dos que poida dispor adicaranse ao cumprimento dos fins expostos.*
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela ten como un dos seus obxectivos, o fomento da actividade industrial no termo municipal a través da realización de diferentes accións encamiñadas á captación de investimentos e mellora e crecemento das empresas xa existentes, que permitan acadar, un desenvolvemento sostible da rexión.
- III. Que na situación de paralización da actividade económica provocada polo Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, foi preciso establecer mecanismos nos que, de xeito coordinado se articule o proceso de reactivación económica da actividade local aprobándose con data de 20 de abril de 2020 o programa Compostela Móvese 2020 COVID-10 no que se recollen como obxectivos do Pacto da Sionlla os seguintes:
- Impulsar e apoiar política e institucionalmente a creación dun Polo de Innovación en Biotecnoloxía no Parque Empresarial da Sionlla de Santiago de Compostela.
 - Visibilizar a nivel autonómico, nacional e internacional o Polo de Innovación en Biotecnoloxía para facer de Santiago de Compostela e de Galicia un referente no sector.

- Estudar e artellar incentivos que supoñan un solo empresarial bonificado ou en dereito de superficie para empresas que queiran desenvolver a súa actividade no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
- Facilitar a concesión de bonificacións e exencións fiscais que faciliten a localización de empresas e persoas emprendedoras no Polo de Innovación en Biotecnoloxía e que se enmarcarían na habilitación que ten o Concello de Santiago de Compostela como “Concello Doing Business Galicia – Concello Emprendedor” que se certificou con data de 20 de Xaneiro de 2020.
- Avaliar a posibilidade de simplificar os trámites administrativos que axilicen os procesos derivados da localización de novas empresas no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
- Analizar a concesión axudas específicas para a implantación de empresas biotecnolóxicas, incluíndo aquelas destinadas á captación de talento e a súa contratación nas entidades e compañías localizadas no Polo de Innovación en Biotecnoloxía,
- Favorecer a creación dunha estrutura comercial que posibilite a atracción de investidores e empresas biotecnolóxicas ó Polo de Innovación en Biotecnoloxía, que exerza de ventanilla única para a promoción, prospección e acompañamento de novos proxectos empresariais.
- Artellar as medidas necesarias para que a conectividade, infraestrutura e loxística sexan as adecuadas para un correcto desenvolvemento da actividade empresarial no Polo de Innovación en Biotecnoloxía.
- Seguir traballando para ampliar as actuacións do sector da madeira nesta iniciativa, outro dos obxectivos do Acordo da Sionlla para a reindustrialización de Santiago de Compostela.

IV. Que é interese das institucións comparecentes, fomentar e impulsar as actividades de información, formación e mellora da competitividade empresarial que axuden a instalar no territorio os valores asociados ao espírito emprendedor e á mellora empresarial coa fin de adaptarse ás ferramentas claves e básicas no proceso de harmonización social que permita alcanzar un desenvolvemento sostible.

V. Que a Asociación Área Empresarial do Tambre, dispón de competencia, metodoloxía, equipo técnico e rede de contactos precisos para desenvolver de xeito óptimo e no marco das súas actividades e defensa dos seus intereses ás actividades e servizos obxecto deste convenio, que non poderían ser realizadas polo Concello de Santiago con recursos propios para a consecución dos fins expostos sen incurrir nun custe moito máis elevado.

- VI. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a realización das labores obxecto do convenio co consecuente beneficio para toda a cidadanía do Concello de Santiago, considerando que é positivo para a promoción da actividade industrial na cidade, de acordo cos obxectivos marcados no programa Compostela Móvese 2020 COVID-19 e cos marcado anteriormente no Pacto pol reindustrialiación de Compostela. En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que a Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela realice durante o ano 2020 as seguintes actividades e servizos:

1.- Accións encamiñadas ó desenvolvemento dun Polo de Biotecnoloxía e outras no marco do Convenio de A Sionlla

No marco do acordo asinado o 16 de Xaneiro de 2017 entre o IGVS, o IGAPE, o Concello de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Área Empresarial do Tambre e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, veñen desenvolvéndose unha serie de accións tendentes a posta en marcha dun polo de biotecnoloxía no parque empresarial de A Sionlla e a captación de empresas para o mesmo.

De cara a consecución destes obxectivos, no exercizo 2020 , propónse realizar as seguintes actividades:

1. Desenvolver as accións da Secretaría técnica do Acordo de A Sionlla: Impulsar e coordinar as actividades do Acordo da Sionlla como punto de encontro de axentes da cidade para a súa industrialización, poñendo en valor as potencialidades de Santiago de Compostela ante a Administración Pública, empresas e investidores para acadar os recursos necesarios que impulsen a promoción económica da cidade. Para acadar este obxectivo contratarase unha consultoría especializada que execute as seguintes actividades:
 - Coordinación Acordo da Sionlla e exercer as labores de Secretaría Técnica
 - Agregación da demanda no polo de biotecnoloxía
 - Interlocución novos axentes
2. Preparación dunha proposta para a Convocatoria de Centros de Fabricación Avanzada do Instituto Galego de Promoción Económica: preparación da solicitude, elaboración da documentación do proxecto, incluída memoria, orzamento, plan de viabilidade, e seguimento da solicitude ata a súa resolución
3. Elaboración dunha proposta técnica para o Centro de Fabricación Avanzada

2.- Colaboración no servizo de vixilancia da área empresarial: realización da vixilancia na área empresarial e en particular das instalacións municipais existentes dentro da mesma, segundo a estrutura existente actualmente e/ou modificada pola implementación de novas tecnoloxías. Coordinación do servizo cos organismos municipais, especialmente coa Policía Local e cos servizos de Bombeiros.

2º.- A Asociación Área Empresarial do Tambre presenta para que forme parte deste convenio a seguinte documentación:

- Certificación da Asociación Área Empresarial do Tambre asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos previstos para o ano 2020 obxecto de subvención.
- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago.
- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.
- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Estatutos da entidade
- Copia compulsada do CIF da Entidade.
- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a Asociación Área Empresarial do Tambre como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

3º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2020 á Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela coa cantidade de 50.000,00-EUROS con cargo á aplicación orzamentaria 070 43300 4890000 dos orzamentos municipais para o ano 2020, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a prestación dos servizos reseñados no punto 1º deste convenio.

3.1.- Estes 50.000,00-€, a efectos de xustificación estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2020:

ACTIVIDADE	TIPOLOXÍA	IMPORTE *	Aportación Asociación
------------	-----------	-----------	-----------------------

ACTIVIDADE	TIPOLOXÍA	IMPORTE *	Aportación Asociación
Presentación candidatura Biopolo de Biotecnoloxía: Proposta Técnica Labplanning..... Elaboración e presentación candidatura.....	Asistencia Técnica	18.029,00.€ 5.445,00.€	NON
Secretaría Técnica mesa A Sionlla.....	Asistencia Técnica	17.545,00.€	NON
Vixilancia da área empresarial	Servizo prestado pola Asociación a través dunha contratación externa coa empresa PROTECCIÓN E INTEGRIDAD, SA	8.981,00,€	SI
TOTAL		50.000,00.€	

*O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións precisas para o desenvolvemento das actividades. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de actividades descritas neste convenio.

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela para o ano 2020.

4º.- A Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela comprométese, en virtude deste convenio a publicitar a colaboración do Concello de Santiago, na súa páxina web e en toda a documentación xerada como memorias de actividades, nota de prensas, convocatorias de programas, publicidade dos servizos, referentes aos servizos enunciados no punto 1º do convenio.

5º.- O pago efectuarase previa xustificación da entidade interesada. O prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de de 2020.

Poderase realizar unha xustificación parcial coas actividades realizadas pola Asociación Área Empresarial do Tambre entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2020, que deberá solicitarse antes do 30 de agosto de 2020., polo importe dos gastos efectivamente realizados e pagados ata o 30 de xuño de 2020..

Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, como data límite a indicada no parágrafo anterior, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

5.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumpridos os compromisos especificados no punto 4º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes pantallazos da web, notas de prensa, fotografías, etc nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

5.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 3º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2020, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación. Para a xustificación de gastos de persoal da propia entidade deberán presentarse as nóminas, TCs, xustificantes de transferencia bancaria e certificado do presidente da entidade de asignación do persoal ao servizo obxecto deste convenio, indicando a duración no tempo e porcentaxe da xornada laboral adicada a cada programa ou proxecto.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 3ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos da entidade, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

5.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas públicas ou privadas, solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin no presente ano 2020.

5.4.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas públicas e/ou privadas, solicitadas e/ou concedidas, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron o orzamento de gastos da Cámara de Comercio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 3.

5.5.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagamentos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

5.6.- Deberase presentar actualizada, se procede, a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.1 e 2.3 do presente convenio.

6º.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

7º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

8º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

9º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Asociación Área Empresarial do Tambre, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.


10º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta da Asociación Área Empresarial do Tambre indicado na certificación bancaria aportada pola entidade..

11º As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o seu regulamento.

12º Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

13º O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.



CONCELLO DE
SANTIAGO



Asociación Área Empresarial do
T A M B R E

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2020

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Xosé Sánchez Bugallo

ALCALDE

Pola Asociación Área Empresarial do Tambre
de Compostela

Asdo.: José Fernández Alborés

PRESIDENTE